



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Ampliación prazo de solicitude das axudas de carácter económico destinadas ao gasto de material e equipamento para o curso académico 2025-26 ás familias vulnerables

ANUNCIO

EXPEDIENTE 2025/A002/000002. Axudas de carácter económico destinadas ao gasto de material e equipamento para o curso académico 2025-26 ás familias vulnerables.

Ampliación prazo presentación de solicitudes.

PRIMEIRO. O 11 de agosto de 2025, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, aprobou as Bases reguladoras das axudas de carácter económico destinadas ao gasto de material e equipamento para o curso académico ás familias vulnerables.

SEGUNDO. O 20 de agosto de 2025 publicouse no Boletín Oficial da Provincia número 157 as citadas Bases reguladoras.

TERCEIRO. A Base número 11 establece de xeito textual o seguinte: “O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 (vinte) días naturais contados a partir do día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP), de conformidade co procedemento establecido no artigo 20.8. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións”.

CUARTO. Que, o artigo 32.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que “a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro”.

Ao abeiro do referido con anterioridade, considérase oportuno a ampliación do prazo de presentación de solicitudes, derivada da época estival e da data do inicio do curso escolar, polo que **RESOLVO:**

PRIMERO. Ampliar o prazo de solicitude das axudas de carácter económico destinadas ao gasto de material e equipamento para o curso académico 2025-26 ás familias vulnerables establecido na Base número 11, en dez (10) días naturais adicionais, finalizando, por tanto, o prazo de presentación de solicitudes o día 19 de setembro de 2025 a las 23:59 horas.

SEGUNDO. Dispor a publicación da presente Resolución na Sede Electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO. Contra este acto non cabe recurso algún, de conformidade co artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González

José López González, secretario-interventor

Touro, 28 de agosto de 2025

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

2025/5669